

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020064	Carlos Oroza	Pontevedra	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CBHOT01	Cociña e restauración	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3009	Ciencias aplicadas I	2018/2019	5	175	175

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL QUINTANA LOURIDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Ciencias Aplicadas I contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que o alumnado sexa consciente tanto da súa propia persoa como do medio que o rodea. Os contidos deste módulo contribúen a afianzar e aplicar hábitos saudables en todos os aspectos da vida cotiá. Así mesmo, utilizan a linguaxe operacional das matemáticas na resolución de problemas de índole diversa, aplicados a calquera situación, tanto na vida cotiá como na vida laboral.

A programación didáctica deste módulo daráselle a coñecer ao alumnado que se matricule nel polo procedemento descrito no apartado 10.1; terase presente que o período de matrícula estenderase ata o mes de outubro polo que esta información poderase ofrecer en varios tramos: un primeiro ao gran grupo na primeira semana do curso e outro a medida que a listaxe de alumnado sufra altas e baixas.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Tipos de números: reais, naturais e enteiros		14	8
2	Proporcionalidade e porcentaxes		14	8
3	Expresións alxebraicas		16	8
4	TIC: busca de información e resolución de problemas sinxelos		6	8
5	Laboratorio: materiais e instalacións		8	8
6	A materia e as súas propiedades		16	8
7	Separación de mesturas e substancias		16	8
8	A enerxía		16	8
9	Niveis de organización da materia viva		14	8
10	Funcións de nutrición, relación e reprodución		20	8
11	A saúde e a enfermidade		18	10
12	Nutrición e dieta		17	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Tipos de números: reais, naturais e enteiros	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades
CA1.5 Utilízouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica

4.1.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Proporcionalidade e porcentaxes	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Caracterizouse a proporción como expresión matemática
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade
CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais
CA1.10 Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás

4.2.e) Contidos

Contidos
Proporcionalidade directa e inversa. Regra de tres. Comparación de magnitudes.
As porcentaxes na economía.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Expresións alxebraicas	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas
CA9.2 Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao

4.3.e) Contidos

Contidos
Progresións aritméticas e xeométricas.
Tradución de situacións da linguaxe verbal á alxébrica.
Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.
Desenvolvemento e factorización de expresións alxébricas. Identidades notables.
Resolución de ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
Aplicación de métodos gráficos de resolución de problemas.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	TIC: busca de información e resolución de problemas sinxelos	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA9.4 Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC

4.4.e) Contidos

Contidos
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Laboratorio: materiais e instalacións	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA2.2 Manipúláronse adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio
CA2.3 Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar

4.5.e) Contidos

Contidos
Normas xerais de traballo no laboratorio.
Normas de seguridade e hixiene no laboratorio.
Materiais de laboratorio: tipos e utilidade.
Técnicas experimentais. Manexo da instrumentación do laboratorio na realización de actividades prácticas.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A materia e as súas propiedades	16

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse as propiedades da materia
CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade
CA3.4 Efectuáronse medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica
CA3.5 Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia
CA3.6 Identificáronse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos
CA3.7 Identificáronse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado
CA3.8 Identificáronse sistemas materiais en relación co seu estado na natureza
CA3.9 Recoñecéronse os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición
CA3.10 Establecéronse diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos

4.6.e) Contidos

Contidos
Unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal: cálculos, equivalencias e medidas. Uso da notación científica.
Materia: propiedades.
Clasificación da materia segundo o seu estado de agregación e composición.
Estados de agregación: sólido, líquido e gasoso. Temperatura de fusión e de ebulición.
Sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. Estados de agregación dos materiais na natureza.
Natureza corpuscular da materia. Cambios de estado e modelos cinéticos.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Separación de mesturas e substancias	16

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícouse e describiuse o que se considera substancia pura e mestura
CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos
CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos
CA4.4 Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos
CA4.5 Aplicáronse de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos
CA4.6 Descríbironse as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC
CA4.7 Traballouse en equipo na realización de tarefas

4.7.e) Contidos

Contidos
Substancias puras e mesturas: identificación, descrición e diferenciación.
Substancias puras: elementos e compostos. Táboa periódica.
Técnicas básicas de separación de mesturas no laboratorio. Procesos físicos e químicos que interveñen.
Características básicas dos materiais relacionados co perfil profesional.
Traballo en equipo: repartición de tarefas, normas, orde e elaboración de informes.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A enerxía	16

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo fenómenos simples da vida real	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía
CA5.2 Recoñécéronse diversas fontes de enerxía
CA5.3 Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable
CA5.4 Amosáronse as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC
CA5.5 Aplicáronse cambios de unidades de enerxía
CA5.6 Amosouse, en diferentes sistemas, a conservación da enerxía
CA5.7 Describíronse procesos relacionados co mantemento do organismo e da vida nos que se aprecia claramente o papel da enerxía

4.8.e) Contidos

Contidos
Manifestacións da enerxía na natureza: fontes de enerxía e procesos en que esta intervén.
Fontes de enerxía renovable e non renovable: identificación. Vantaxes e inconvenientes de cada unha.
A enerxía na vida cotiá: identificación de situacións próximas.
Formas de enerxía e a súa transformación. Lei de conservación da enerxía.
Enerxía, calor e temperatura. Unidades máis habituais do Sistema Internacional.



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Niveis de organización da materia viva	14

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente
CA6.2 Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas

4.9.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.



4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Funcións de nutrición, relación e reprodución	20

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.3 Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor
CA6.4 Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor
CA6.5 Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino

4.10.e) Contidos

Contidos
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Fisioloxía do proceso de relación: sistemas nervioso e endócrino.
Fisioloxía do proceso de reprodución: aparello reprodutor e desenvolvemento embrionario.



4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	A saúde e a enfermidade	18

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícaronse situacións de saúde e de doenza para as persoas
CA7.2 Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo
CA7.3 Identifícaronse e clasificáronse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos
CA7.4 Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido
CA7.5 Describiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas
CA7.6 Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas
CA7.7 Describiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes
CA7.8 Recoñecéronse situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo
CA7.9 Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás

4.11.e) Contidos

Contidos
Saúde e doenza: concepto e diferenciación.
Tipos de doenzas: infecciosas e non infecciosas; doenzas de transmisión sexual. Causas, prevención e tratamentos.
Mecanismos encargados da defensa do organismo. Sistema inmunitario.
Hixiene e prevención de doenzas. Tratamento fronte ás doenzas infecciosas. Vacinas.
Transplantes e doazóns.
Saúde mental: prevención de drogodependencias e de trastornos alimentarios.
Hábitos de vida saudables relacionados coas doenzas máis frecuentes e con situacións cotiás.



4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Nutrición e dieta	17

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Discrimínase entre o proceso de nutrición e o de alimentación
CA8.2 Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde
CA8.3 Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano
CA8.4 Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta
CA8.5 Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno
CA8.6 Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións
CA8.7 Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos

4.12.e) Contidos

Contidos
Alimentos e nutrientes: diferenciación. Recoñecemento de nutrientes presentes nos alimentos.
Alimentación e saúde. Hábitos saudables relacionados coa alimentación.
Concepto e elaboración de dietas. Tipos de dietas. Elaboración de menús.
Hábitos saudables relacionados coa alimentación. Importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva.

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva son os que están especificados en cada unidade didáctica, e que xuntamente con un resumo da programación se lle farán chegar por escrito a todos os alumnos que cursen o módulo.

Criterios de cualificación.

A avaliación será continua

A cualificación dos alumnos obterase partir da información recollida dos distintos instrumentos de avaliación, do seguinte xeito:

a) Un 60 % da nota de avaliación corresponderá á media das probas de avaliación da aprendizaxe. Cada trimestre, e dependendo da materia abordada, terán lugar o número de probas escritas que o/a profesor/a de cada grupo crea máis conveniente (como mínimo dúas).

A puntuación máxima outorgada en cada proba será de 10 puntos.

b) Un 40 % da nota de avaliación corresponderá á observación sistemática, do caderno de clase, a participación activa na aula, a entrega traballos individuais ou en grupo na data fixada, exercicios feitos na clase/ casa. Neste apartado inclúese tamén o traballo na aula de informática e o uso adecuado das TIC: Valorarase positivamente a capacidade de traballo en grupo e a participación na aula do alumnado.

NOTA: para obter a nota de apto será preciso alcanzar como mínimo o 50 % de cada un dos porcentaxes dos apartados anteriores.

Todas as probas escritas que realicen os/as alumnos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os distintos exercicios de que consten os exames deberán ser desenvolvidos na súa totalidades nos folios da proba, é dicir, non se aceptará por resposta tan só a solución numérica.
- Se se detecta que un alumno ou alumna copiou nun exame repetirá o exame.

A nota final no módulo será igual que a nota da terceira avaliación e será a nota media das tres avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para a recuperación dos /das alumnos/as que non superen determinadas unidades didácticas, levaranse a cabo observacións sistemáticas do traballo diario e traballos específicos dirixidos a valorar a súa evolución. Os/as alumnas realizarán unha proba escrita que constará de tres partes, unha por cada avaliación. Cada alumno/a realizará unicamente a proba correspondente á/ás avaliacións que teña pendente e será cualificada entre 0 e 10 puntos

Para ter superado o módulo deben estar aprobadas cada unha das tres avaliacións.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de dereito a avaliación continua terá que realizar unha proba escrita na que estarán incluídos todos os contidos do curso (segundo a Orde isto é só aplicable a partir de 17 anos). A proba escrita basearase nos co todos mínimos xa especificados.

Comunicarase a data desta proba con antelación mediante unha comunicación escrita que se colocará no panel informativo reservado para o alumnado no centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación debe ser flexible, polo que podería estar suxeita a cambios e axustes segundo transcurre o curso escolar. Os aspectos que se terán en conta serán:

- O desenvolvemento na clase da programación.
- Seguimento da aprendizaxe.
- Adecuación de obxectivos, contidos e metodoloxía coas necesidades reais.
- Grado de consecución dos obxectivos.
- Participación do alumnado.
- Ambiente de traballo na aula.
- Resultados de aprendizaxe do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Reunión de avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial co fin de comprobar os coñecementos previos do alumnado e coñecer problemas físicos ou psíquicos que puideran afectar no proceso de aprendizaxe.

Nesta avaliación inicial procederase da seguinte forma:

- Realizarase unha reunión entre os membros do equipo docente que imparten no grupo e o/a orientador/a do cento.
- O/a titor/a do grupo e o/a orientador/a informarán sobre os datos (familiares, académicos) do alumnado.
- Estes datos servirán para realizar un seguimento individualizado de cada alumno/a.
- Teranse en conta as recomendacións do departamento de orientación.

Cuestionario de coñecementos previos

A avaliación inicial é un paso imprescindible para tomar una idea dos coñecementos dos que parten cada un dos alumnos. Realizaranse test de avaliación inicial ao comezo de cada unidade, co fin de determinar o nivel do alumnado e ter un punto de partida.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Co fin de recuperar ou afianzar aqueles aspectos que non foron superados polo alumnado, serán propostas actividades cuxa realización axudará a superar estas carencias.

Solicitarase, se é posible, profesorado de apoio con coñecementos técnicos ó Departamento de Orientación.

Realizaranse, na medida do posible, adaptacións tanto nos recursos como na metodoloxía segundo as necesidades que poida presentar o alumnado.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Esta programación fai especial fincapé na educación en valores, especialmente en:

- Educación ambiental, inculcando ao alumnado a importancia do coidado do contorno, da reciclaxe e das enerxías renovables.
- Educación para a igualdade e para a tolerancia, inculcando ao alumnado o compañeirismo e o respecto ó individuo e á convivencia dentro dun grupo.
- Educación para a saúde, inculcando ao alumnado a necesidade dunha dieta saudable e informando tanto das consecuencias do consumo de drogas coma do contaxio das enfermidades de transmisión sexual.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos participarán nas actividades extraescolares e complementarias que se leven a cabo no centro, así como nas actividades que os docentes do ciclo consideren oportunas e estean vinculadas aos módulos. Están previstas actividades entre grupos, actividades lúdicas como facer xornadas de almozos saudables, visita a un laboratorio dun IES próximo (posto que este centro non consta desas instalacións), asistencia a charlas de profesionais e visitas a empresas (previa autorización) pero non están pechadas as datas.

Os días especiais de conmemoración no centros, este alumnado levará a cabo tarefas, actividades e/ou eventos relacionados. Algúns dos días contemplados son: 31 outubro (samaín), 16 de novembro (Tolerancia), 25 de novembro (contra a Violencia de Xénero), 26 de xaneiro (Paz e non violencia), 14 de febreiro (día da amizade), etc.

10. Outros apartados

10.1) Información ao alumnado sobre aspectos básicos da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante as primeiras tres semanas do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

- 1) Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada
- 2) Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
- 3) Proceso de recuperación, de selo caso.
- 4) Actividades previstas durante o curso escolar.

Unha copia da programación (versión alumnado) xerada pola aplicación informática quedará exposta e a disposición do alumnado na biblioteca do centro educativo (en formato papel ou arquivo informático), non obstante o profesor poderá complementar esta acción poñendo a programación en plataformas educativas (Aula Cesga, Aula Virtual, Moodle...).

Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñendoa no aula con todo o grupo. Unha vez finalizada a exposición o alumnado presente asinará a folia de rexistro facilitada polo profesor.

10.2) Materiais para o módulo

O profesor do módulo solicita que o alumnado asista provisto do material que se expón:

- carpeta de anillas ou caderno de anotacións
- bolígrafos e lapicero
- libros de texto de matemáticas e de ciencias naturais, máis caderno de matemáticas (previsiblemente da editorial Macmillan)